

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/017
CARÁCTER: ORDINARIA
DATA: 4 de decembro de 2023.

No salón de sesións da Casa do Concello sendo as 20,30 horas do día **4 de decembro de 2023** reúnese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. **Alcalde D. Daniel VEGA PEREZ** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Polo Grupo do Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez (Alcalde)
D^a Begoña Sanjurjo Santar
D^a Marta María Saiz García
D^a Montserrat Seijo Díaz
D. Diego dos Santos Rodríguez
D^a María Elena Sierra Pulpeiro
D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo
D. Vicente Castro Reigosa.
D. Marcos Antonio Villamil Martínez (a través de videoconferencia)
D. Martin Graña Pérez
D^a Raquel Ferreira Alvarez.

Polo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

Secretario Xeral:

D. José A. Carro Asorey

Interventora:

D^a Maria Cristina González Santín.

Técnico de Admón.Xeral.

D. José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:



1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES 2023/15 E 2023/16, ORDINARIA DE 10 DE OCTUBRE E EXTRAORDINARIA URENTE DE 16 DE NOVIEMBRE DE 2023.

A Alcaldía pon de manifesto un erro cometido na acta nº 2023/16, extraordinaria urxente de data 16 de novembro de 2023 ao sinalarse como Alcalde que preside a sesión a D.Fernando Suárez Barcia, cando debe ser D. Daniel Vega Pérez.

Considerando que conforme ao establecido no art. 105 .2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, a Administración poderá rectificar en calquera momento os erros de feito, materiais ou aritméticos, existentes nos seus actos.

A totalidade dos membros da Corporación presentes recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación coa corección indicada na acta de 16/11/2023.

2.-EXPEDIENTE NÚM. 1948/2023. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, CORRESPONDENTES AO 1º E 2º TRIMESTRES DE 2023.

Dase conta do informe relativo ao 1º e 2º semestre de 2023 sobre o cumprimento de prazos de pagamento a que se refire a Lei 15/2010 de 5 de xullo e modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A Corporación municipal dase por enterada.

3.- EXPEDIENTE NÚM. 1948/2023. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. RD 635/2014 DE 25 DE XULLO. 1º E 2º TRIMESTRES DE 2023.

Dase conta do informe relativo ao 1º e 2º semestre de 2023 sobre o período medio de pagamento a que se refire o Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

A Corporación municipal dase por enterada.

4.- EXPEDIENTE NÚM. 4461/2023 SOBRE DEVOLUCIÓN DE TAXAS POR BONIFICACIÓN E DEDUCCIÓN NO ICIO E TAXA POR LICENCIA DE OBRA NO CASCO HISTÓRICO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

DITAME: Dase conta do asunto epigrafiado e informe emitido pola Tesourería sobre este asunto:



“INFORME DE TESOURERÍA

Vista a solicitude presentada por Mario Penelo Riva, con DNI 33992829W, en data 20/05/2023 (2023-E-RE-1691), na que “En relación ó EXPEDIENTE: 3704/2020. Cualificación definitiva recibida do Instituto Galego da Vivenda e Solo de Lugo comunicada polo Concello no 20/01/2023. Pagos licenzas: (data de pago/cantidade) 14/08/2020 1943,22 €, 19/10/2021 305,46 € Habendo solicitado subvención para a rehabilitación e mellora enerxética da vivenda habitual regulada esta no BOP do 22 de Febreiro de 2020 (en concreto refiríndome ó Artigo 9: Tributos Municipais); e habendo tido no ano establecido en dita convocatoria unhas ingresos por debaixo do 1.5 do IPREM, tal e como xustifiquei coa entrega da copia da liquidación do IRPF do exercicio 2019” solicita “Que en base ás bonificacións e deducións previstas nas bases correspondentes a ingresos menores de 1.5 veces o IPREM; ou sexa, o 55% dos tributos municipais, procedan ó reembolso das cantidades a deducir na conta ES80 2080 0140 1730 4019 5450”,

Visto o informe do arquitecto municipal do ARI de data 03/10/2023, no que á vista do exposto conclúe que “1.- Que tendo en conta o límite de 21.000,00 € de execución material e a porcentaxe do 55% a aplicar neste caso, de conformidade co disposto no artigo 9 das bases reguladoras mencionadas anteriormente para o cálculo de bonificación, así como tamén o artigo 7.1 da ordenanza municipal 14 vixente, a bonificación é a seguinte:

Imposto:2,40%(21.000,00 €)504,00 €
Bonificación:55% (504,00 €)277,20 €

2.- Que tendo en conta o límite de 21.000,00 € de execución material de conformidade co disposto no artigo 9 das bases reguladoras para o cálculo da dedución da taxa e o artigo 7.4 da ordenanza municipal 14 vixente, a dedución da taxa é a seguinte:

Tasa:0,60%21.000,00 €.....126,00 €
Dedución taxa:126,00 €”

E en cumprimento do establecido no artigo 5.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMERO. Na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, aprobada por esta entidade, recóllese, no seu artigo 7.1 o seguinte:

“Establecense unhas bonificacións do 25, 40 ou 55 % da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das **construcións, instalacións ou obras que se desenvolvan no casco histórico de Ribadeo e Rinlo, no ámbito das Áreas de Rehabilitación integral do casco histórico da Vila de Ribadeo e Rinlo, delimitado en cada momento, polos convenios nesta materia vixentes asinados coa administración estatal e/ou autonómica, toda vez que se considera que esas actuacións, unha vez concedida subvención polo Concello, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta**”.

E no seu artigo 7.4 recollese o seguinte: “**Deducións.** Establecese, asemade, como dedución da cota íntegra ou bonificada do Imposto, o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de Taxa polo outorgamento da Licenza Urbanística correspondente a construción, instalación ou obra de que se trate e na que concorrera a declaración de especial interese ou utilidade municipal recollida nos apartados 1 a 3 do presente artigo, pola mesma porcentaxe que se autorice de bonificación en cada caso, ata o límite da cota restante do imposto unha vez aplicadas as bonificacións que procedan.”



SEGUNDO. De conformidade co informado polo Arquitecto Municipal a persoa solicitante atópase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e conclúe que:

“1.- Que tendo en conta o límite de 21.000,00 € de execución material e a porcentaxe do 55% a aplicar neste caso, de conformidade co disposto no artigo 9 das bases reguladoras mencionadas anteriormente para o cálculo de bonificación, así como tamén o artigo 7.1 da ordenanza municipal 14 vixente, **a bonificación é a seguinte:**

Imposto:2,40%(21.000,00 €)504,00 €
Bonificación:55% (504,00 €)277,20 €

2.- Que tendo en conta o límite de 21.000,00 € de execución material de conformidade co disposto no artigo 9 das bases reguladoras para o cálculo da dedución da taxa e o artigo 7.4 da ordenanza municipal 14 vixente, **a dedución da taxa é a seguinte:**

Tasa:0,60%21.000,00 €.....126,00 €
Dedución taxa:126,00 €”

TERCERO.- Queda acreditado no expediente a autoliquidación e pago do 100% da Tasa por licencia de obra, por importe de 1.943,22 €, asiento contable 8270/2020 de data 12/08/2020, co seguinte desglose: 1.548,33 € Icio; 387,08 € tasa, e 7,81 € Sello municipal, polo tanto, de recoñecerse o dereito a devolución, corresponderían 277,20 € en concepto de Icio , e 126,00 € en concepto de Taxa. facendo un total de 403,20 €, a devolver a D. Mario Penelo Riva.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente este expediente para a súa elevación ao Pleno municipal co obxecto de que se adopte o acordo procedente.

A Corporación en votación ordinaria acorda por unanimidade prestar aprobación ao ditamen da Comisión Informativa transcrito, nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE NÚM.4454/2023 RELATIVO AO PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS PERÍODO 2024-2026

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

DITAME: Dase conta do asunto epigrafiado, que consta no correspondente expediente administrativo posto a disposición dos Sres.Concelleiros, explicándose pola concelleira-delegada Sra.Sanjurjo Santar o contido do Plan Estratéxico para o período referido 2024-2026 que ten similitudes co anteriormente aprobado para o período que agora remata e co obxecto de poder atender ás peticións de subvencións que o Concello otorga.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente este expediente para a súa elevación ao Pleno municipal co obxecto de que se adopte o acordo procedente.



A Corporación en votación ordinaria acorda por unanimidade prestar aprobación ao ditamen da Comisión Informativa transcrito e en consecuencia ao Plan Extratéxico de subvencións para o período 2024-2026 que se transcribe de seguido:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026

PREÁMBULO

O artigo 8.1 dá lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico , polo que tódolos Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións

Téñase en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas de relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas Legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que se recollan o contido previsto no artigo 8.1 da lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo

A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións , supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei , redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior achega das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública), con carácter previo ao nacemento das subvencións.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de subvencións cuxo articulado figura a continuación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.

O establecemento de subvencións por este Concello para os anos 2024-2026 axustarase ao previsto no presente Plan.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as disponibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Loxicamente, con ocasión das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das



liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista exclusivamente na variación do importe asignado, sempre que o resto dos compoñentes destas permanezan sen cambios, feito que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do órgano xestor correspondente.

ARTIGO 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos Municipais de cada exercicio e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión, axustándose a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo vixente, e en todo caso supeditándose ao cumprimento dos principios recollidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 3.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensacións algunha en caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 4.-

Como obxectivos xerais e estratéxicos do presente plan márcanse os seguintes:

- Cumprir o mandato legal recollido no artigo 8 da Lei 38/2003, de do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Incidir de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público en materia de subvencións
- Optimizar o acceso dos cidadáns ás subvencións con garantía de transparencia, uniformidade de criterio e concorrencia
- Racionalizar a xestión municipal de axudas e subvencións dotándoa de transversalidade na súa planificación e de ferramentas para a súa avaliación
- Conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando as limitacións do principio de estabilidade orzamentaria

ARTIGO 5.

Aos efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Ribadeo por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; e ademais diso, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais; ou ben mediante concesión directa con carácter excepcional, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, de acordo coas ordenanzas vixentes na materia aprobadas polo concello. Nas correspondentes bases de subvención deberá recollese o procedemento adecuado a cada unha das liñas de subvención

CAPÍTULO II. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIÓNS

ARTIGO 6.



O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 7.

O Concello, despois de analizar os informes de seguimento e propostas presentados, establecerá para o período de vixencia do presente plan as seguintes liñas estratéxicas de actuación en materia de axudas e subvencións:

- Servizos Sociais.
- Ensino.
- Cultura.
- Festexos.
- Deportes.
- Medio Rural.
- Comercio.

As contías previstas para cada unha das Liñas no exercicio 2024 son as recolleitas no Orzamento anual do Concello, nos termos aprobados polo Pleno no Anexo de Transferencias e Subvencións. Para os exercicios seguintes as contías serán as que se recollan para estas finalidades nos correspondentes orzamentos xerais.

ARTIGO 8.

Con carácter xeral, as subvencións municipais nas distintas liñas terán un prazo de execución (de desenvolvemento das actuacións subvencionadas) anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións ou acordos polos que se establezan, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente

CAPÍTULO III. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

SUBVENCIONES EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIOSANITARIOS

ARTIGO 9.

En materia de asistencia social o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Axudas para atencións benéficas e asistenciais. Concesión directa

a) Obxectivos: Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e atender situacións de emerxencia social de familias e persoas en situación de necesidade.

b) Custos previsibles

APLICACIONES	IMPORTE		
	2024	2025	2026
231/480.00	35.000,00	35.000,00	35.000,00
231/489.00	14.500,00	14.500,00	14.500,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro



do Orzamento

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a aplicación das correspondentes bases reguladoras recollidas nas ordenanzas específicas en vixencia que regulan estas axudas.

2) Axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

a) Obxectivos: Apoiar a aquelas Entidades que facilitan a integración social de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social, e aquelas que desenvolven iniciativas a prol da igualdade e plena integración da Muller.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
231/489.01	10.000,00	10.000,00	10.000,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DE ENSINO

ARTIGO 10.

En materia de ensino O Concello establecerá a seguinte liña de subvencións:

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Promover a participación do alumnado en actividades extraescolares e favorecer a conciliación familiar nos centros de ensino de Ribadeo, e a iniciación de nenos/as de cero a tres anos no sistema educativo.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
323/489.00	9.000,00	9.800,00	9.800,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DE CULTURA

ARTIGO 11.

En materia de cultura o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Premios, becas e pensións de estudos e investigación.

a) Obxectivos: Facilitar a participación do estudantado universitario á actividade investigadora e formativa das Universidades Galegas .



b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
334/481.00	2.000,00	2.000,00	2.000,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Favorecer ao asociacionismo cultural de base, de longa tradición, do noso Concello para que poida por en marcha proxectos que sigan a dinamizar a nosa vida cultural.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
334/489.00	24.700,00	29.800,00	29.800,00
334/780.00	5.000,00	5.500,00	5.500,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

3) Axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

a) Obxectivos: Incorporar ao novo asociacionismo e axudar a consolidar iniciativas innovadoras e diversificadoras no ámbito cultural ribadense.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
334/489.01	4.000,00	4.000,00	4.000,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONS EN MATERIA DE FESTEXOS**ARTIGO 11.**

En materia de festexos O Concello establecerá a seguinte liña de subvencións:

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Dar cobertura as diversas asociacións que participan na organización das festas patronais, tanto da vila como das parroquias.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE
-------------	---------



	2024	2025	2026
338/489.00	40.500,00	49.300,00	49.300,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Premios e bolsas.

a) Obxectivos: Promover e fomentar a organización de eventos emblemáticos como os Premios do Entroido.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
338/481.00	4.500,00	4.500,00	4.500,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DEPORTIVA

ARTIGO 12.

En materia deportiva o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Premios e bolsas.

a) Obxectivos: Promover e fomentar a práctica do deporte para tódalas idades e aproveitar para difundir os nosos recursos paisaxísticos e turísticos coa organización de eventos emblemáticos como son a San Silvestre e a Media Maratón das Catedrais.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
341/481.00	2.000,00	2.000,00	2.000,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Apoiar a Entidade Centenaria do Ribadeo F.C. participante na competición de preferente Galiza Norte, organizadora do Enma Cuervo, vicedecano dos torneos de verán do Estado Español e a promoción e incorporación da muller ao fútbol, e fomentar e promocionar o deporte tradicional das traíñeiras na nosa Ria.



b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
341/489.00	43.000,00	43.000,00	58.000,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

3) Axudas en réxime de convocatoria pública en concorrencia competitiva.

a) Obxectivos: Favorecer a realización de todo tipo de actividade deportiva no Municipio, con especial mención ao deporte base, deporte feminino, deporte para persoas diminuídas, deporte tradicional e deportes minoritarios, establécense tres subliñas:

- Subvencións para a actividade competitiva.
- Subvencións para a actividade deportiva.
- Subvencións para a realización de eventos deportivos.

b) Custos previsibles:

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
341/489.01	7.900,00	7.900,00	7.900,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DO MEDIO RURAL

ARTIGO 13.

En materia do medio rural o Concello establecerá unha liña de subvencións:

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Promover actividades didácticas de dinamización do medio rural e medidas de prevención para evitar a expansión de especies invasoras, como por exemplo da avéspera velutina.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
419/489.00	2.500,00	2.500,00	2.500,00

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DE COMERCIO



ARTIGO 14.

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) **Obxectivos:** Fomentar a dinamización e a innovación, apoiando o consumo local e o comercio de proximidade e levar a cabo iniciativas de formación, modernización e campañas de divulgación do comercio ribadense.

b) Custos previsibles

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
431/47000	20.000,00	20.000,00	20.000,00

c) **Financiamento:** O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) **Plan de actuación:** O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2)AXUDAS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

a) **Obxectivos :**

1) **Obxectivos xerais:** Dinamización da economía local con especial importancia dos subsectores do comercio e hostaleira na que se encadra co obxecto de estimular o consumo nos pequeno comercio, hostalaría e outros servizos a través da moeda Local , A Pancha.

2) **Obxectivos estratéxicos :**

- Propiciar o fortalecemento das persoas empresarias autónomas e das micro e pequenas empresas do sector comercial polo míudo.
- Favorecer tanto a cidadanía coma o tecido empresarial de Ribadeo sobre no que descansa o sector comercial estimulando á demanda .
- Dinamizar á actividade comercial promovendo a súa repercusión no eido local e comarcal
- Mellora do fondo de manobra do establecementos comerciais.

b) **Custos previsibles**

APLICACIÓNS	IMPORTE		
	2024	2025	2026
431/48901	50.000,00	50.000,00	50.000,00

c) **Financiamento:** O financiamento levárase a cabo con fondo propios.

c) **Destinatarios:** Establecementos e negocios locais que cumpran os requisitos establecidos nas bases, nomeadamente do sector comercial, hostalaría, restauración e outros servizos e as persoas consumidoras.

d) **Prazo necesario para a consecución dos obxectivos previstos:** Anualmente

e) **Plan de actuación:** O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realizarase a través da redacción das bases reguladoras correspondentes . Para o apoio na xestión da subvención se empregará a figura xurídica de entidade colaboradora dacordo coa lexislación competente.

g)Indicadores



De actividade: Número de Panchas consumidas
Número de establecementos participantes

De resultado **Volume de ventas realizadas totais**

CAPÍTULO IV. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

ARTIGO 15.

Os Concelleiros das áreas correspondentes efectuarán o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia. No primeiro semestre de cada ano, os Concelleiros das Áreas correspondentes elaborarán un informe no que se avaliará a execución do Plan no exercicio anterior.

Os informes emitidos terán como misión avaliar a posible revisión do plan ao obxecto de:

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- Actualizar os importes daquelas que se manteñan.
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos

ARTIGO 16.

Finalizada a vixencia do Plan, os Concelleiros das Áreas deberán presentar unha memoria na que se contemple, ao menos, o grado de cumprimento do Plan a eficacia e a eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración dos seguintes Plans Estratéxicos de Subvencións.

En concreto, as ditas memorias deberán como mínimo analizar os seguintes indicadores en relación con cada unha das axudas outorgadas:

- Obxecto
- Entidades beneficiarias ou no seu caso colaboradoras
- Importe outorgado
- Accións concretas desenvolvidas co importe da axuda concedida
- Número de cidadáns aos que alcanzou a acción subvencionada
- Analizar a adecuación aos obxectivos perseguidos no momento de conceder a achega en función da liña a que corresponda, e grao de cumprimento destes obxectivos, con avaliación da procedencia de mantemento ou supresión do programa de que trae causa.

Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

A CONCELLEIRA DE FACENDA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE”

6.-EXPEDIENTE NÚM.4450/2023 SOBRE MODIFICACIÓN DA ADICACIÓN EXCLUSIVA PARA A CONCELLERÍA DE RR.HH., SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ.

Pons se de manifesto o ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 28 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal o 17 de xuño actual, por acordo plenario de data 22 de xuño de 2023 fixéronse adicacions



exclusivas e parciais para aqueles Concelleiros/tenentes de Alcalde que prestan servizos permanentes no Concello.

Concretamente para a adicación parcial da Terceira Tenente Alcalde e Concelleira Delegada de RR.HH.,Seguridade e Atención cidadá D^a Montserrat Seijo Díaz, fíxose o seguinte réxime:

Concellería delegada de Recursos humanos, Seguridade e atención cidadá réxime de dedicación parcial, fíxándose como retribucións a percepción de 1.500,00 euros brutos mensuais incluídas pagas extraordinarias: a percibir en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as 2 restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

Transcurridos 5 meses dende o comezo do mandato 2023-2027 e a vista da realización e desenvolvemento dos correspondentes traballos por parte deste equipo de goberno do Grupo municipal Popular, estímase necesario por esta Alcaldía, atendendo ás diferentes funcións que desenvolve a citada Concelleira D^a Montserrat Seijo Díaz no ámbito das áreas de goberno correspondentes ás súas delegacións municipais, con adicación completa ao Concello en horario de mañá e tarde, unha modificación do acordo municipal referido, polo que se

PROPON ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Modificar o réxime de adicación parcial da **Concellería delegada de Recursos humanos, Seguridade e atención cidadá pola de réxime de adicación exclusiva completa** fíxándose como retribucións a percepción de 2.368,65 euros brutos mensuais a percibir en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as 2 restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

2º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación e web municipal o acordo que se adopte de forma íntegra, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia, de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

A Comisión Informativa por catro votos a favor (Dos membros do Grupo PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos BNG e PSG-PSOE) acorda ditaminar favorablemente este expediente para a súa elevación ao Pleno municipal co obxecto de que se adopte o acordo procedente.”

Interven o Concelleiro do BNG Sr.Vizoso Galdo que fai referencia á postura adoptada nada mais chegar polo Grupo de Goberno fíxándose o soldo máximo para o Alcalde e pregunta como teñen realmente agora o valor de presentar esta adicación exclusiva para un equipo sen iniciativas.

Cita palabras ditas polo actual alcalde no pleno organizativo da Corporación 2019-2023. Conclúe sinalando que non demostran traballo para o que cobran.

Toma a palabra o Sr.Alcalde, sinala que entende perfectamente o discurso do BNG e que precisamente ese Grupo foi que instaurou as adicacións exclusivas. Iso é coherencia. Indica igualmente que él cre nas persoas que traballan e por iso se deben retribuír se se adican en exclusiva ao Concello.

Sinala tamén o Sr.Alcalde que os gobernos anteriores tiveron non so adicacións exclusivas senon tamén persoal de confianza.

Promóvese deliberación entre o Sr.Alcalde e o voceiro do BNG Sr. Vizoso Galdo.

Rematada a mesma a Corporación municipal tras deliberación, en votación ordinaria, acorda por sete votos a favor dos membros do Grupo municipal popular e seis votos en contra (cinco dos membros do BNG e un do PSG-PSOE), prestar aprobación ao ditame transcrito nos



propios termos do mesmo.

7.-EXPEDIENTE NÚM. 3559/2023 RELATIVO Á MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT MUNICIPAL.

Ponse de manifesto por Secretaría o ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

DITAME: Dase conta do Informe proposta que se transcribe:

“INFORME-PROPOSTA.-

Proponse a modificación tanto no Cadro de persoal (por creación e modificación de prazas/postos) como na Relación de postos de traballo (RPT) do seguinte xeito:

A) PERSOAL FUNCIONARIO

Creación dos seguintes postos:

CENTRO DIRECTIVO OU UNIDADE ADMINISTRATIVA: 00 SECRETARIA XERAL DA CORPORACION

Cód.	Denom. Posto	Dot	Nivel CD	CE mes	Tipo Posto	F.P.	Admón.	Grupo	Escala	Titulac.	Observac.
0009	Técnico de Xestión	1	22	966,13	N	O	AL	A2	FAG	Grao U.	Adxunto Secretaria
0010	Técnico de Xestión	1	22	966,13	N	O	AL	A2	FAG	Grao U.	Persoal RR.HH.

0009.- Técnico de Xestión .-

Correspóndenlle as funcións seguintes:

Correspóndese cunha Xefatura de sección no Servizo Negociado nº 2 de Secretaría, coas responsabilidades equivalentes a unha Xefatura de sección e coas seguintes funcións, e para as actividades e servizos municipais seguintes:

De colaboración en actividades administrativas así como tarefas propias de xestión administrativa que correspondan a nivel medio, elaborando borradores de informe e proposta de resolución para as seguintes materias: urbanismo (licencias urbanísticas, expedientes de legalidade urbanística, expedientes sancionadores en materia urbanística, ordes de execución), estatística (padrón municipal habitantes, censos de poboación, censos e procesos electorais), bens (inventario, alleamentos, deslindes e conservación), Procedementos de tráfico, traballos de apoio á Alcaldía e ás Concellerías delegadas nos ámbitos relacionados co posto de traballo.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

As características que configuran o posto son a seguintes:

- As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 22 .
- As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 966,13 €

0010- Técnico de Xestión. Persoal RR.HH.



Coas responsabilidades equivalentes a unha Xefatura de sección correspondenlle as seguintes funcións e tramitación de expedientes:

Expedientes relativos ao persoal funcionario, laboral e eventual.

Procedementos de selección de persoal (Funcionario e laboral).

Procedementos de xestión de contratación laboral temporal para os diferentes servizos ou áreas municipais.

Seguemento de altas, variacións e baixas no réxime da Seguridade Social.

Confección partes de variacións e incidencias nás nóminas do persoal.

Permisos e vacacións do persoal municipal.

Confección e xestións de expedientes de RPT / Anexos de persoal / modificacións correspondentes.

Expedientes relativo a eleccións sindicais (persoal laboral e funcionario)

En materia de orientación laboral:

No marco das actividades de competencia autonómica relacionadas coa orientación laboral, entre outras as seguintes funcións:

- Posta en marcha de accións individuais e grupais e de desenvolvemento persoal: mellora das competencias para o emprego, mellora do CV, preparación de entrevistas de traballo, ferramentas para a busca de emprego, etc.

- *Planificación, deseño e coordinación do desenvolvemento de obradoiros para a mellora das competencias transversais e básicas: obradoiros de idiomas, competencias dixitais, riscos laborais, motivación, habilidades sociais e destrezas para a busca de emprego, competencias clave.*

- *Participación en accións de prospección e intermediación laboral. Xestión e mellora da bolsa de emprego do concello de Ribadeo. Actualización deste recurso a través das novas tecnoloxías.*

- *Creación de grupos de busca activa de emprego, a través do traballo colaborativo en rede.*

- *Análise e asesoramento sobre o mercado laboral, recursos do territorio e políticas activas de emprego.*

- *Dinamización das redes sociais dependentes do servizo. Difusión de información sobre ofertas de emprego, identificación de oportunidades de formación e outras novas no eido do emprego.*

- *Asesoramento no proceso de acreditación de competencias e certificados de profesionalidade.*

- *Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.*

- *Xestión de expedientes individualizados e, en xeral, as medidas que se dirixan a mellorar a empregabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integral de Empregabilidade e Inserción Laboral (PIE).- Apoio na xestión doutros programas de emprego que se leven a cabo no Concello de Ribadeo.- Apoio, coordinación e colaboración co persoal do departamento.*

Para as empresas: Realización de accións de intermediación laboral: contacto directo e personalizado coas empresas interesadas, publicación de ofertas de emprego, facilitar a conexión coas persoas traballadoras máis axeitadas para o perfil requirido.

- *Observatorio de emprego municipal e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público*

Calquera outra xestión relacionada cos RR.HH. da entidade agás a confección de nóminas do persoal e cargos corporativos.

a) As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 22 .

b) As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 966,13 €

B) PERSOAL LABORAL.-

a) Creación dos seguintes postos:

PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denom. Posto	Dot	Nivel CD	CE mes	Tipo Posto	F.P.	Admón	Grupo	Escala	Titulac.	Observac.
1031/3	Chófer rozadora	1	1	16	164,35	N	CO	C2	LAE	ESO	Carnet conducir clase C



1031.- Chofer rozadora .- Correspóndelle as funcións de condución dos vehículos tractor-rozadora do concello desenvolvendo as funcións propias de chófer así como as de mantemento mecánico dos vehículos coa realización de pequenas reparacións e conservación dos mesmos.

Ademais tamén lle corresponden as funcións de conservación e mantemento de toda a maquinaria municipal.

En función das necesidades dos servizos poderá ser requirido para a condución dos outros vehículos municipais cos que conte o Concello (camións, tratores, pala retroexcavadora, etc. etc.).

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

As características que configuran o posto son a seguintes:

- As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 16.
- As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 164,35 €.

B) MODIFICACIÓNS.-

PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denom. Posto	Dotac	Período Traballo (*)	Salario mes	F.P.	Admón	Equip. Grupo	Escala	Titulación	Observac.
FD0001	1 Xefe Socorrismo	1	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Socorrista.Patrón Embarc.Deport.	Licencia Anual renovada.
FD0002	Socorristas	15	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Socorrista	Licencia anual renovada
FD0003	Técnico Emerx.Sanita rias	3	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Titulac.Emerxen cias 1ºs auxilios	
FD0006	Operario Limpeza praías	4	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	E	LAE		

- **Incrementátese en 0,5 meses o período de desenvolvemento dos traballos durante o verán de cada ano.**

O Sr.Alcalde explica o contido deste expediente.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente este expediente para a súa elevación ao Pleno municipal co obxecto de que se adopte o acordo procedente.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda en votación ordinaria prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

8.-EXPEDIENTE NÚM. 3376/2023 RELATIVO AO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2024.

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa:



DITAME: Dase conta do expediente epigrafiado relativo aos orzamentos da entidade para o período 2024.

A Concelleira delegada Sra.Sanjurjo Santar explica brevemente as principais novidades deste orzamento respecto do de 2023.

Intervén o concelleiro do BNG Sr. Castro Reigosa que manifesta que non tiveron tempo aínda de velo e que están realizando unha revisión polo que quedará para o Pleno no que se trate.

O Sr.Alclade sinala que se traen a aprobación logo dun traballo intenso e tendo en conta que so levan no goberno 5 meses.

Sometido a votación resulta aprobado por 4 votos a favor (dos membros do Grupo do PP) e tres abstencións (dos membros do Grupo BNG dúas e unha do PSG-PSOE), acordándose ditaminar favorablemente para someter ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2024, o detalle do cal a nivel de capitulo é o seguinte:

GASTOS

Cap.	Descripción	Recursos
	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	4.845.925,22
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	4.811.635,53
3	GASTOS FINANCIEROS	82.789,60
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	371.089,28
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	318.731,49
	Total operaciones Corrientes	10.430.171,12

	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	1.720.232,40
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.500,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	27.045,54
9	PASIVOS FINANCIEROS	160.612,12
	Total operaciones de Capital	1.913.390,06

	Total Presupuesto	12.343.561,18
--	--------------------------	----------------------

INGRESOS

Artículo	Descripción	Por artículos
	IMPUESTOS DIRECTOS	0,00
11	IMPUESTOS SOBRE EL CAPITAL	2.641.000,00
13	IMPUESTO SOBRE LAS ACTIVIDADES ECONOMICAS	193.000,00
	TOTAL CAPITULO 1	2.834.000,00
	IMPUESTOS INDIRECTOS	0,00
29	OTROS IMPUESTOS INDIRECTOS	740.000,00



	TOTAL CAPITULO 2	740.000,00
	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	0,00
30	TASAS POR PRESTACION DE SERVICIOS PUBLICOS BASICO	1.959.000,00
32	TASAS POR REALIZACION DE ACTIV.DE COMPETENCIA LOC	157.000,00
33	TASAS POR UTILIZ. PRIV. O EL APROVECHAM DOM.PUBLI	409.000,00
34	PRECIOS PUBLICOS	293.500,00
39	OTROS INGRESOS	87.274,06
	TOTAL CAPITULO 3	2.905.774,06
	TRANSFERENCIA CORRIENTES	0,00
42	DE LA ADMINISTRACION DEL ESTADO	2.513.335,05
45	DE COMUNIDADES AUTONOMAS	1.140.257,51
46	DE ENTIDADES LOCALES	50.000,00
	TOTAL CAPITULO 4	3.703.592,56
	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00
55	PRODUCTOS DE CONCESIONES,APROVECHAMIENTOS ESPECIAL	512.809,02
	TOTAL CAPITULO 5	512.809,02
	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
60	DE TERRENOS	85.000,00
	TOTAL CAPITULO 6	85.000,00
	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
75	DE COMUNIDADES AUTONOMAS	904.340,00
76	DE ENTIDADES LOCALES	331.000,00
	TOTAL CAPITULO 7	1.235.340,00
	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
83	REINTEGROS PRESTAMOS DE FUERA DEL SECTOR PUBLICO	27.045,54
	TOTAL CAPITULO 8	27.045,54
	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
91	PRESTAMOS RECIBIDOS EN EUROS	300.000,00
	TOTAL CAPITULO 9	300.000,00
	TOTAL PRESUPUESTO	12.343.561,18

Segundo. – Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento que figuran no Orzamento.

Terceiro. - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2024 que figura como Anexo no expediente do Orzamento.

Cuarto. –Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e o Cadro de Persoal do Concello, por prazo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.”

Intervén a Concelleira de Facenda que fai unha breve exposición das partidas mais destacadas tanto en ingresos como en gastos.



Por parte do Grupo municipal do BNG intervén o Concelleiro Sr. Castro Reigosa.

Sinala que en termos xerais é un orzamento esaxeradamente inflado. Recolle ingresos que non saben da súa existencia o que nunca se fixo en anteriores orzamentos e inclúense partidas irrealizables. Refírese a diferentes conceptos e partidas. No apartado do Imposto de construcións, instalacións e obras-ICIO-aumentan 270.000 euros de dúas obras principais; a taxa por recollida de lixo con privatización do servizo vai ter unha subida do 38% mínimo. No capítulo 4 aparecen 120.000 € de convenios dos que non teñen constancia se están firmados e tamén lle parece unha temeridade o do ciclo da auga. Fai mención a ingresos previstos por venda de solares e pregunta tamén cantos convenios hai asinados.

Inclúese o Plan Unico que nin tan sequera está aprobado.

Referente a gastos no capítulo I de persoal non recolle con fidelidade e non se axusta á realidade hai duplicidades. No capítulo 2 non contempla partidas de gastos e botan de menos informe técnico de análise do servizo de recollida de lixo. Na Area de servizos sociais recortan partidas e pregunta polo incremento das horas do SAF de dependencia.

Refírese igualmente a outros gastos en diferentes áreas como Igualdade, mobilidade, etc. así como para o novo centro de saúde que pregunta se vai a ir no mesmo lugar que estaba previsto.

Remata a súa intervención indicando que se trata do primeiro orzamento de este equipo de goberno, a falta de experiencia pero que carece de rigor e pode traer graves consecuencias.

O Sr.Alcalde toma a palabra e sinala que lles deu que facer pero que seguira explicando as principais partidas, que ningún orzamento chegou aos doce millóns de euros. Refírese aos investimentos da Xunta, sinalando que sabe que lles doi aos membros do BNG e fórmulase unha pregunta sobre que se lles acusa.

Indica tamén que segue esperando a que o Presidente da Deputación o reciba xa que confía en que siga colaborando con Ribadeo.

Fai mención a diversas partidas de inversións.

Intervén o Concelleiro Sr.Vizoso Galdo para referirse a todo o que acaba de indicar o Sr.Alcalde e á exposición feita polo seu compañeiro Sr. Castro Reigosa. Indica que por exemplo as obras que se van acometer no Hospital Asilo municipal aínda están sen financiamento da Xunta e reitera o dito polo concelleiro D.Vicente Castro.

Tras deliberación a Corporación municipal, por sete votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular, unha abstención do Grupo municipal socialista e cinco votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL):

1.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE SETEMBRO E O 31 DE OUTUBRO DE 2023 (EXPEDIENTE NÚM. 2793/2023)

A Corporacion queda enterada dos decretos ditados pola Alcaldia-Presidencia no exercicio das suas competencia no período sinalado.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.-



DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

Intervén o Concelleido Martín Graña Pérez que refire a preocupación polas luces do Nadal preguntando cal foi o procedemento. O Sr.Alcalde resposta que se alugaron e a instalación foi por conta do persoal municipal.As conexións aparte por BEGASA.

Pregunta tamén polo prezo de 1€ que se cobra polo acceso a Ribaxogo e pista de xeo que outros anos era subvencionado.

Pregunta tamén o mesmo Concelleiro se hai algún tipo de acordo para a rehabilitación do xulgado de Paz.

Por último pregunta quen está facendo o mantemento dos campos de fútbol e que criterios se seguen.

O Sr.Alcalde resposta sobre o xulgado de Paz que se está co proxecto técnico para a súa rehabilitación. Respecto dos campos de fútbol sinala que unha empresa privada que antes o levaba a empresa Calfensa.

Intervén a concelleira do BNG D^a Raquel Ferreira Alvarez que pregunta por persoal que utilizan o parque móbil de xeito inapropiado co teléfono móbil posto, etc. e se o equipo de goberno é coñecedor? Así como polas actividades privadas con fins lucrativos que se desenvolven en locais municipais.

A mesma Concelleira pregunta tamén porque se cobrou na difusión da película Matria e por último formula un rogo para que os orzamentos municipais se redaten en idioma galego.

O Sr.Alcalde resposta que non sabe a que vehículos se refire e que en todo caso debe preguntarse ao anterior goberno, sinalando que en todo caso non é elegante acusar a traballadores municipais nun Pleno. Respecto aos locais se se refire á unha escola municipal trátase dun colectivo que doa as cotas que cobra.

A Concelleira delegada don Begoña Santar resposta que se cobrou unha taxa seguindo a ordenanza municipal existente que é do equipo anterior do BNG.

O Concelleiro Sr.Villamil Martínez pregunta pola subhasta de mobiliario municipal e que criterios se seguiron para as bocas de incendios no rural.

O Sr.Alcalde sinala que non se fixo ningunha subhasta e respecto das bocas de incendios respostará no próximo Pleno porque non ten constancia.

Intervén a continuación o Concelleiro deste Grupo do BNG Sr.Vizoso Galdo que formula un rogo para que se preste mais atención cando resposte, referíndose á resposta dada ás preguntas da súa compañeira Sra. Ferreira Alvarez.

Formula tamén un rogo para que o Sr.Alcalde se dedique a responder ás preguntas formuladas concretando as respostas.

Pregunta tamén o mesmo Concelleiro se hai algún convenio coa Deputacion Provincial respostandose pola Alcaldía que non.

Sendo as vintetrés horas e quince minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,



Asdo. DANIEL VEGA PÉREZ

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

